

CONFRARÍA DE PESCADORES DE
NOIA

RESOLUCIÓN da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se adoptan medidas de adaptación no Plan de xestión de moluscos bivalvos a pé e dende embarcación en zonas de autorización da Confraría de pescadores de Noia

Antecedentes

1. O Plan de xestión de moluscos bivalvos a pé e dende embarcación en zonas de autorización da Confraría de pescadores de Noia (PE403A 2023/41-1), en adiante plan de xestión, aprobouse para 2024-2026 mediante a Orde de 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 (DOG Núm. 246 de 29 de decembro de 2023).

2. O 20.02.2026 a Confraría de pescadores de Noia (núm. entrada 2026/487273), en adiante a confraría, presentou unha solicitude na que expón que tralos temporais deste inverno 2025-26 de choiva e vento, e que debido á elevada mortalidade das distintas especies nos bancos marisqueiros, faise imposible desenvolver o plan de xestión, polo que solicitan se proceda "*ao peche por causa de forza maior*" da actividade marisqueira extractiva dende o 16 de febreiro ao 30 de abril incluídos.

Acompañando á solicitude achegan a seguinte documentación:

- Escrito asinado polo Patrón Maior da confraría, solicitando a adopción da medida de adaptación indicada.

3. O 24.02.2026 (entrada 2026/529936), a confraría achegou documentación separada da solicitude consistente no "Informe técnico sobre a mortalidade por baixa salinidade dos bivalvos infaunais na zona de autorización da Confraría de Pescadores de Noia. Febreiro de 2026" da Asistencia Técnica da confraría que avala a solicitude de peche por causa de forza maior realizada.

4. O 26.02.2026 (entrada 2026/557154), a confraría remite un novo formulario no que expón que se remite solicitude de adaptación, indicando que xa se remitiu o informe da Asistencia Técnica da confraría, mediante o que achegan un arquivo nomeado "FORZA MAIOR 2026.pdf" consistente nun escrito do Patrón Maior no que indica que "*esta entidade acordou en Xunta Xeral por maioría dos presentes solicitar a adopción de medidas de adaptación do plan de xestión para que se proceda ao peche por causa de forza maior da actividade marisqueira dende o 16 ao 30 de Febreiro de 2026 incluídos.*" Na mesma data (entrada 2026/557802) volve a enviar unha solicitude de achega de documentación separada da solicitude consistente na certificación do Secretario dos Órganos de Goberno da confraría do acordo da Xunta Xeral, na reunión celebrada o 19.02.2026, para solicitar a medida de adaptación de pechar por causa de forza maior dende o 16 de Febreiro ata o 30 de Abril dos seguintes plans:

- Plan de xestión marisqueira en autorizacións a pé e con embarcación 2024-2026





- Plan de xestión marisqueira en zonas de libre marisqueo a pé, C.P. Noia e C.P. Muros (abril 2026)

5. O 10.03.2026, o Subdirector do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) emite o Informe "Efecto da cadea de borrascas que azotaron Galicia nos meses de xaneiro e febreiro de 2026 sobre a salinidade da auga mariñas nas Rías Baixas, e previsibles consecuencias sobre as poboacións de moluscos".

6. O 27.02.2026 a Axente de extensión pesqueira da Xefatura Comarcal de Ribeira e o 09.04.2026 o Técnico facultativo de recursos mariños do Departamento Territorial da Coruña emiten cadanseu informe sobre a medida de adaptación solicitada pola confraría.

7. O 30.03.2026 (Saída 614079 / RX 688526), este departamento territorial, de acordo co "Plan de medidas adoptadas para a recuperación dos bancos marisqueiros" da Consellería do Mar, requiriulle á entidade unha descrición detallada das tarefas que realizarán as persoas mariscadoras e da súa organización referentes á conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción, así como de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros que se levarán a cabo durante o período que dure a suspensión da actividade extractiva. Acompañando ao requirimento enviáuselles a ficha técnica para a súa cumprimentación sobre o indicado anteriormente.

8. O 07.04.2026 (entrada 2026/998316) a entidade achegou a información requirida e o 08.04.2026 (entradas 2026/1005694 e 2026/1013552) presentou sendas solicitudes de achega de documentación separada e de mellora voluntaria da solicitude respectivamente, mediante a que aporta facturas pro-forma de diferentes actuacións contempladas no Plan de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, así como un documento mellorado do indicado plan (anexo).

Consideracións legais e técnicas

1. Nos artigos 1 e 2 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establécese respectivamente como obxecto da lei o de adoptar medidas de conservación, protección e rexeneración dos recursos mariños vivos e como finalidade da política pesqueira galega, a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

Os plans de xestión son instrumentos cuxa aprobación corresponde á consellería competente en materia de pesca, previa audiencia do sector afectado, a través dos cales se regulan as medidas técnicas, os horarios e o réxime de calamento das artes de pesca e do marisqueo. Estes plans, que poderán ser elaborados a proposta das entidades asociativas do sector, poderán incluír tamén limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro (art. 7.2 da Lei 11/2008 de pesca de Galicia).

O artigo 6.1 da lei, indica que a adopción de medidas restritivas orientadas á recuperación dos recursos farase de xeito gradual, procurando minimizar os posibles desequilibrios socioeconómicos que se poidan derivar da súa adopción.

2. O artigo 1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, indica que o seu obxecto é a regulación do réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 2 que a súa finalidade é a de establecer un réxime de conservación e explotación é garantir unha xestión





sustentable dos recursos marisqueiros tendo en conta aspectos ambientais, económicos, sociais e de emprego.

3. O artigo 2.1 da Orde de 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 aprobou os plans de xestión para o trienio para as zonas de autorización que se relacionan no cadro A, entre os que se inclúe o Plan de xestión de moluscos bivalvos a pé e dende embarcación en zonas de autorización da Confraría de pescadores de Noia.

Os plans de xestión incluídos no Plan xeral recollen obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos a tres anos, niveis de referencia e indicadores, así como estratexias de actuación, de acordo co establecido no artigo 16.1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro.

4. Os datos da mostraxe outonal dos stocks de bivalvos comerciais nos bancos marisqueiros do plan de xestión previos ás condicións do evento meteorolóxico adverso de intensas precipitacións polas frecuentes entradas de borrascas atlánticas activas rexistrado en Galicia en xaneiro e febreiro deste ano, comparativamente cos efectuados trala finalización deste evento, permiten estimar a mortalidade das especies explotables deste plan de xestión asociada a episodios de baixada da salinidade como consecuencia directa das intensas precipitacións rexistradas no período indicado (de acordo con Parada, J.M. 2026. Actualización do procedemento de avaliación de eventos de mortalidade de recursos marisqueiros por episodios de baixas salinidade. Consellería do Mar. Procedemento CIMA-RM2-2023/04).

Desta avaliación, a Asistencia técnica da confraría estimou:

- Para o berberecho unha mortalidade polos temporais equivalente ao 74,6 % do stock comercial de outono. A densidade total de reclutas precomerciais (22-28 mm) indica que a cohorte nova sobreviviu mellor, pero aínda así son densidades moi baixas (21,49 individuos/m²) para o que é habitual para esta especie nos bancos de Noia.
- Para a ameixa xaponesa, unha mortalidade do 49,4 % do stock de outono, e un elevado número de individuos precomerciais (40,35 individuos/m²), que supón unha boa perspectiva de cara á recuperación, especialmente considerando que a cría máis pequena non se recolleu debido á separación de varelas de 16 mm.
- Para as ameixas fina e babosa as mortalidades rexistradas foron moi severas: 65,8 % e 59,3 % dos stocks de outono respectivamente.

Estes resultados correspóndense cun evento de mortalidade severa (de acordo con Parada, J.M. 2026. Estimación de mortalidade de moluscos bivalvos de interese comercial no banco marisqueiro de Os Lombos do Ulla derivadas do descenso da salinidade no outono - inverno de 2025 -2026. 39 pp.).

5. A ficha onde se recollen as condicións de aprobación deste plan de xestión establece no apartado "Calendario anual previsto de extracción":

Calendario anual previsto de extracción(*)	
Número probable de días de extracción	2024: 55 días 2025 e 2026: 123 días
Época e zona probable de extracción Modalidade a pé e dende embarcación	2024: de setembro a decembro (veda de xaneiro a abril en tódolos bancos). 2025 e 2026: de xaneiro a abril e de setembro a decembro





2024											
Modalidade: a pé											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
								X	X	X	X
Modalidade: dende embarcación											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
								X	X	X	X
2025-2026											
Modalidade: a pé											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
X	X	X	X					X	X	X	X
Modalidade: dende embarcación											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
X	X	X	X					X	X	X	X

* Ver consideracións

Nas consideracións da ficha deste apartado nos parágrafos terceiro, cuarto e quinto indicábase:

“Calendario anual previsto e número probable de días de extracción:

...

A isto debemos unir o revés sobre as poboacións de bivalvos provocado polo tren de borrascas acontecido en novembro de 2023, no que se detectou un importante episodio de mortalidade.

Deste xeito, deberá realizarse un seguimento do estado das poboacións nos bancos marisqueiros e serán os resultados das mostraxes, que se deberán realizar previamente ó comezo da campaña extractiva en setembro de 2024, os que determinen a recuperación suficiente do stock comercial e da estrutura de tallas das poboacións das especies obxectivo, fundamentalmente da principal especie do plan, o berberecho.

En canto aos días de actividade extractiva redúcense a un número probable de 55 días no período de setembro a decembro de 2024, como consecuencia da veda de xaneiro a abril, e mantéñense en 123 días para o 2025 e 2026.”

6. O artigo 21.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, establece que as xefaturas territoriais (actuais direccións territoriais) poderán adoptar medidas, logo de solicitude das entidades titulares dos plans de xestión, ante circunstancias que dificulten ou potencien o seu desenvolvemento, e tendo en conta aspectos biolóxicos, socioeconómicos e de creación de emprego. O artigo 21.3 indica, entre as medidas de adaptación que se poderán incluír, o número de días anuais previstos e outras vinculadas coa actividade marisqueira.

7. Neste sentido, o artigo 7.3 da Orde de 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, establece que as direccións territoriais poderán adaptar as medidas do plan de xestión, logo de petición do sector, cando exista:

- Solicitude motivada da entidade titular do plan de xestión avalada por informe do seu técnico.
- Informe favorable emitido polo persoal técnico da consellería.

8. No Informe “Efecto da cadea de borrascas que azotaron Galicia nos meses de xaneiro e febreiro de 2026 sobre a salinidade da auga mariñas nas Rías Baixas, e previsibles





consecuencias sobre as poboacións de moluscos" emitido polo Subdirector do Intecmar, entre outras, indícanse as seguintes conclusións:

1. *Nesta ocasión, aínda que as precipitacións se repartiron por toda a xeografía galega, a zona máis afectada por choivas torrenciais e persistentes foi a fachada atlántica de Galicia.*
2. *No fondo da ría de Arousa detectáronse, entre o 26.01.2026 e o 20.02.2026 ata 6 períodos concatenados de baixada de salinidade, algúns dos cales, de acordo coa bibliografía científica, tiveron unha duración e intensidade compatibles con mortalidades severas dos bancos de moluscos bivalvos infaunais.*
- ...
7. *A gran cantidade de auga de baixa salinidade observada na mostraxe realizada o día 4 de febreiro na ría de Muros-Noia é compatible con danos severos sobre as poboacións de moluscos bivalvos infaunais na zona máis interna da ría.*

9. O Informe do Técnico facultativo de Recursos Mariños desta consellería, á vista do informe presentado pola Asistencia técnica da confraría e unha vez analizada toda a información dispoñible sobre as condicións oceanográficas e meteorolóxicas, as mortalidades severas observadas e comparando cos resultados das mostraxes de outono, dende o punto de vista biolóxico, informa favorablemente a petición da confraría, considerando razoable e convinte para unha xestión sostible o establecemento dunha veda de duración indefinida, que permita a recuperación da principal especie do plan, o berberecho. Dada a variabilidade que presentan as poboacións dun ano para outro na taxa de crecemento, a veda estaría suxeita na súa duración ao seguimento da evolución dos bancos polo que poderá manterse o tempo necesario ata que os resultados das mostraxes indiquen a súa recuperación.

Respecto ao calendario de actividades de recuperación propostas pola confraría no anexo, considera que é axeitado e completo e contribuirá á rexeneración dos bancos marisqueiros. As actividades contempladas no dito anexo considéranse tecnicamente viables e necesarias. Porén, detecta algunha discrepancia entre o cronograma do plan e determinados apartados das actividades: así o cronograma de emenda do substrato reflicte de abril a setembro, cando en realidade é unha actividade que xa se realizou durante 1 día do mes de abril e non se van a realizar máis e no cronograma das sementeiras indican a súa realización de abril a outubro de 2026 e de xaneiro a maio de 2027, cando neste último caso, tal e como indica o punto 2.1.9 prevese a súa realización entre abril e maio deste ano.

En canto aos obxectivos do plan, tanto o biolóxico coma os socioeconómico, indica que non se acadarán. Respecto ao primeiro (incrementar/manter o tamaño dos exemplares capturados de ameixa fina), a situación actual tralas fortes mortalidades, compromete seriamente a consecución debendo valorarse un cambio deste obxectivo pois non é realista esperar unha recuperación da ameixa fina para acadar os valores propostos no período planificado. En relación ao segundo (manter ou aumentar o prezo medio anual da ameixa fina), tampouco é realista dada a escaseza de stock comercial e a necesidade de protexer o stock reprodutor.

Polo tanto, coa excepción do obxectivo ecolóxico, a situación actual impide acadar os obxectivos biolóxico e socioeconómico do plan e por tanto isto apoia a necesidade de establecer unha veda para a recuperación dos recursos.

10. A Axente de extensión pesqueira conclúe no seu informe que, independentemente doutros informes que se necesiten, e tendo en conta que os datos aportados no informe da asistencia técnica indican o mal estado das distintas especies recurso deste plan polos diversos factores xa comentados, dende o punto de vista da extensión pesqueira, non atopa inconveniente coa medida de adaptación presentada de paro forzoso de extracción dos días solicitados, para dar tempo e intentar ir recuperando o banco para as próximas campañas.



11. Tendo en conta que entre as actividades previstas no Plan de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira (modalidade de a pé) enviado pola confraría figura a sementeira de 10.000.000 de unidades de ameixa, deberase dar cumprimento ao disposto na cláusula terceira da escritura de elevación a público do contrato privado de arrendamento entre a confraría e a OPP en relación ao criadoiro.

Esta dirección territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 21 do Decreto 153/2019 de 21 de novembro, e de acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Adaptar o Plan de xestión de moluscos bivalvos a pé e dende embarcación en zonas de autorización da Confraría de pescadores de Noia, e suspender a extracción nos bancos marisqueiros, con efecto retroactivo, dende o 16 de febreiro, por causa de forza maior, ata que das mostraxes realizadas e a avaliación correspondente se permita constatar a recuperación das poboacións das especies obxecto de explotación, establecendo unha veda extraordinaria no plan de xestión nese período.

2. No período que dure a suspensión da actividade extractiva, de acordo co "Plan de medidas adoptadas para a recuperación dos bancos marisqueiros" da Consellería do Mar, as persoas mariscadoras de a pé deberán realizar as accións de conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción, así como de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, co contido que se detalla no anexo.

Cada actividade terá que levar un apartado de sistema de control e seguimento co contido mínimo que se detalla no anexo desta resolución.

3. Adaptar as seguintes medidas do plan de xestión, de xeito que na ficha do plan onde figuran as condicións de aprobación modifícase:

a) A táboa do apartado "Calendario anual previsto de extracción". queda do seguinte xeito:

Calendario anual previsto de extracción(*)												
Número probable de días de extracción							2024: 55 días 2025: 123 días 2026: sen determinar					
Época e zona probable de extracción							2024: de setembro a decembro (veda de xaneiro a abril en tódolos bancos).					
Modalidade a pé e dende embarcación							2025 :de xaneiro a abril e de setembro a decembro					
							2026: veda extraordinaria do 16 de febreiro a abril en tódolos bancos extensible ao período de setembro a decembro sempre que as mostraxes e avaliación das poboacións de moluscos bivalvos explotadas así o determinen					
2024												
Modalidade: a pé												
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	
								X	X	X	X	
Modalidade: dende embarcación												
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	
								X	X	X	X	
2025												
Modalidade: a pé												





xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
X	X	X	X					X	X	X	X
Modalidade: dende embarcación											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
X	X	X	X					X	X	X	X
2026											
Modalidade: a pé											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
X	X							*	*	*	*
Modalidade: dende embarcación											
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
X	X							*	*	*	*

* Ver consideracións

No apartado "calendario anual previsto de extracción" das consideracións, os parágrafos terceiro, cuarto e quinto, substitúense polos seguintes:

"Calendario anual previsto de extracción:

...

As extraordinarias circunstancias do tren de borrascas de xaneiro e febreiro de 2026, constituíron unha forza maior que impediu retomar a actividade prevista para o 16 de febreiro. As severas mortalidades das especies obxectivo deste plan e a elevada afectación para esta entidade fortemente dependente do marisqueo, impiden que as embarcacións e persoas mariscadoras participantes no plan poidan desempeñar con normalidade a actividade extractiva, polo que se fai necesario suspender as extraccións nos bancos marisqueiros incluídos no plan de xestión dende o 16 de febreiro, establecendo unha veda extraordinaria.

Deste xeito, deberá realizarse un seguimento do estado das poboacións nos bancos marisqueiros e serán os resultados das mostraxes, os que determinen a recuperación suficiente do stock comercial e da estrutura de tallas das poboacións das especies obxectivo, fundamentalmente da principal especie do plan, o berberecho, para o reinicio da actividade extractiva.

En canto aos días de actividade extractiva redúcense a un número probable de 55 días no período de setembro a decembro de 2024, como consecuencia da veda de xaneiro a abril, mantéñense en 123 días para o 2025 e queda por determinar o número para o 2026, que será concretado na correspondente resolución da Dirección Territorial da Coruña de adaptación do plan de xestión, no suposto de que as mostraxes determinen que a recuperación dos bancos marisqueiros é tal que permite retomar a actividade extractiva.

..."

b) Nas consideracións da ficha, nos apartados de "traballos de conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción" e "accións de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros (apartado 5.2)", engádesse un parágrafo final respectivamente do seguinte xeito:

Traballos de conservación, mantemento, recuperación ou mellora das condicións do hábitat e da produción: ...

Durante o período de duración da veda extraordinaria establecida dende o 16 de febreiro de 2026 rerealizaranse os traballos detallados no anexo que se xunta na resolución da dirección territorial da medida de adaptación. Para a realización destes traballos deberá solicitarse a correspondente apertura con carácter máximo bimensual á dirección territorial para a súa autorización que deberá acompañarse coa certificación dos traballos realizados nos meses anteriores.

Accións de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros (apartado 5.2): ...



Durante o período de duración da veda extraordinaria establecida dende o 16 de febreiro de 2026 realizaranse as accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros detallados no anexo que se xunta na resolución da dirección territorial da medida de adaptación. Con carácter máximo bimensual deberá remitirse á dirección territorial xunto coa solicitude de traballos de conservación, mantemento, recuperación ou mellora das condicións do hábitat e da produción a certificación dos traballos realizados nos meses anteriores.

c) Nas consideracións da ficha, nos apartados de "Organización dos traballos de conservación, mantemento, recuperación ou mellora das condicións do hábitat e da produción (apartado 9.9)" e "Organización das accións de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros (apartado 9.10.3.1)", engádesse un parágrafo final respectivamente do seguinte xeito:

Organización dos traballos de conservación, mantemento, recuperación ou mellora das condicións do hábitat e da produción (apartado 9.9): ...

Durante o período de duración da veda extraordinaria establecida dende o 16 de febreiro de 2026 cada actividade terá que levar un apartado de sistema de control e seguimento que deberá constar como mínimo dos subapartados detallados no anexo que se xunta na resolución da dirección territorial da medida de adaptación.

Organización das accións de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros (apartado 9.10.3.1): ...

Durante o período de duración da veda extraordinaria establecida dende o 16 de febreiro de 2026 cada actividade terá que levar un apartado de sistema de control e seguimento que deberá constar como mínimo dos subapartados detallados no anexo que se xunta na resolución da dirección territorial da medida de adaptación.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE Núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Mar no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

Esta resolución notifícaselle á Confraría de pescadores de Noia consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Esta resolución produce efectos dende o día seguinte á súa notificación e será de aplicación dende o 16 de febreiro ata que das mostraxes realizadas e a avaliación correspondente se permita constatar a recuperación das poboacións das especies obxecto de explotación.

A directora territorial
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal

